

XIII ROMARÍA DAS LETRAS NO BARBANZA

Venres, 17 DE MAIO 2024
PAZO DE GOIÁNS - BOIRO



Luísa Villalta (1957-2004)

Música e palabra

Poeta, violinista, profesora, dramaturga, ensaísta e tradutora, Luísa Villalta naceu na Coruña en 1957 e pertence a unha xeración nada entre 1950 e 1952, que se caracteriza pola depuración poética, o culturalismo e a apertura a outras literaturas, o que a levou a anovar e dar un gran pulo á poesía galega nas décadas dos oitenta e os noventa do século pasado. A poesía da autora caracterízase polo sentido da harmonía e do ritmo, mais tamén pola profundidade existencial, polo compromiso e pola emoción. En 1989 comezou a publicar as súas pezas teatrais coa obra *Concerto para un home so*, que une innovación e tradición, que aborda a relación da fama coa realidade. En 1990 unha nova peza teatral, *O representante*, e un monólogo de forte ton poético, o mesmo acontece con *O paseo das esfinxes* de 1991, peza que foi levada ás táboas con música de Paulino Martínez Pereiro. En 1999 publicará a peza *As certezas de Ofelia*, e xa en 2001 aparecerá, na *Revista Galega de Teatro*, a obra *Os doces anos da guerra*, na que combina as artes e se interesa polos problemas do seu tempo.

A súa dedicación ao teatro non se limitou ao de dramaturga, pois tamén traduciu o *Manifiesto por un novo teatro*, de Pier Paolo Pasolini, e fixo, con Carlos Paulo Martínez Pereiro, unha edición crítica de *O doído e a morte*, de Raúl Brandão. A maiores interesouna o teatro de Cunqueiro e en 1991 tirará do prelo o ensaio *Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral*, reeditado neste ano 2024.

Como poeta en 1990 gañou o I Certame Literario da Universidade de Compostela con *"Poema cíclico para soprano e cuarteto de corda"* e, nese mesmo ano, publica *Música reservada*, poemario caracterizado pola fusión de son e palabra, esta como medio de unir a música e a poesía. Xa en 1995 sae do prelo o poemario *Ruído*, un volume anovador que contén diálogos, caligramas e dedicatorias. Neste ano sae á luz a plaquette poética *Rota ao interior do ollo*, un repensar o tempo, a vida, a análise da experiencia. En xaneiro de 2004 gaña o Premio Espiral Maior de poesía con *En concreto*, un canto á cidade da Coruña, unha peregrinaxe polo espazo e polo recordo, pola xeografía e a palabra, mais tamén polo silencio. O 5 de marzo de 2004 atopouse enferma e nesa madrugada faleceu de meninxite. Tras o seu pasamento apareceu o poemario *Papagaio*, con fotografías da artista Maribel Longueira, que documentan e acompañan os poemas de Villalta sobre o esmorecemento dese rueiro coruñés.

Aínda que contamos cunha edición da poesía que Villalta publicou en vida, da man de Armando Requeixo, en edición dixital figuran outros textos poéticos da autora: *Apresados sen presa*, *Estudo de sombras* e *Modulación de Orfeu*, todos de 2022. Colaborou en obras colectivas como *Intifada*, *Ofrenda dos poetas galegos a Palestina* (2003) e *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra* (2003). Como narradora comezou publicando o libro de relatos *Silêncio, ensaiamos* de 1990, en 1997 a novela *Teoría de xogos* e en 2001 a novela curta *As chaves do tempo*. Colaborou en volumes narrativos colectivos como *Mini-relatos* (1999), *Narradoras* (2000) ou *Narradio* (2003). Como ensaísta, ademais do seu estudo de teatro de Cunqueiro, publica *O outro lado da música, a poesía*, en 1999. Na revista *Agália*, en 1986, publica un breve ensaio, *"A lingua dos sons"*, e na revista *Enclave* aparece en 2003 outro ensaio curto, *"A música e Nós"*. En colaboración con Francisco Pillado Mayor publica en 1998 a tradución de *A mandrágora*, de N. Machiavelli e xa en 2020 aparece o poemario inédito *As palabras ingravidas*. Como colaborada de prensa recolléronse os seus artigos no volume *Libro das colunas* (2005).

Titulada Superior en violín, formou parte da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia, mais tamén foi a creadora do grupo *Escaino*. Profesora de ensino medio moi comprometida, creou grupo teatral co alumnado e botou a andar varias revistas, entre elas *O canto da rá*.

BOLETÍN INSCRIPCIÓN [BARBANTIA®]

Nome Apelidos

D.N.I. Telefonos

Correo electr. Enderezo

C.P. Concello Provincia

Autorización bancaria (Só se pagará polo banco)

Sr. Director do Banco Sucursal







Prégolle que acepten os recibos correspondentes á cota como socio/a da Asociación Cultural BARBANTIA por valor de 20 €.
con cargo a miña conta co seguinte IBAN

En a de de 20

Asdo. (sinatura co nome e apelidos)

* A COTA ANUAL DE SOCIO/A É DE 20 € E DÁ DEREITO A OBTÉR GRÁTUITAMENTE O ANUARIO DE ESTUDOS DO BARBANZA QUE EDITA A ASOCIACIÓN

ORGANIZAN
COLABORA

XIII ROMARÍA DAS LETRAS NO BARBANZA

DATA: Venres, 17 de maio de 2024

LUGAR: PAZO DE GOIÁNS (Boiro)

PROGRAMA:

11:30 h Apertura recinto e recibimento de participantes da XIII Romaría das Letras no Barbanza con 17 bombas de palenque

12:00 h Apertura de:

- Feira artesá e literaria
- Fotocol con roupa tradicional cortesía da asociación **Xilbarbeira**
- Exposición dedicada a **Luísa Villalta**, autora homenaxeada co Día das Letras Galegas 2024
- Obradoiro de ourivería con **Susi Gesto**

12:00 h Baile galego na eira do Pazo coa **A. C. Pedra da Aroña** e grupo de baile de **Abanqueiro**

12:30 h Roteiro botánico pola leira do Pazo de Goiáns a cargo de **Xulio Gutiérrez Roger**

13:30 h Concerto no xardín do Pazo a cargo de **ALANA trío**

14:30 h Xantar popular

16:00 h Apertura institucional e presentacións literarias no interior do pazo:

- Presentación literaria infantil: **CARME E A SEREA MARIÑA**, de **Ana Rial** (Editorial Cuadranta) e paseo teatralizado para público familiar pola leira de Goiáns a cargo de **Marta Ríos**
- Presentación do libro **IRIBARNE**, de **Ester F. Carrodegas**. (Edicións Positivas)
- Presentación do libro **ALMA DE VIOLINO**, das autoras **Beatriz Maceda**, **Eli Ríos** e **Laura Suárez** (ilustradora). Edicións Xerais

18:00 h Baile galego na eira do Pazo: **Xilbarbeira** e **Abeloura**

18:30 h Espectáculo teatralizado do grupo **Airiños** de Rianxo no xardín do Pazo


19:00 h Concerto de **Os MELIDAOS** na eira do Pazo

20:30 h **Dj Misa** (100% en galego) no xardín do Pazo

22:00 h Remate da XIII ROMARÍA DAS LETRAS NO BARBANZA

STANDS E GRUPOS PARTICIPANTES

AdaNegra
Susi Gesto
Sonagasallo
Palilleiras Revolteir@s
Che Tembra
Pedra de Aroña
Grupo de Baile de Abanqueiro
Xilbarbeira
Abeloura
Alana trío
Os Melidaos
DJ Misa
Grupo de teatro Airiños de Rianxo
Marta Ríos
Xulio Gutiérrez Roger
Editorial Cuadranta
Editorial Xerais
Editorial Ministerio de Cultura e Deporte
Libraría NOBEL de Boiro
Libraría LER da Pobra do Caramiñal



Durante toda a xornada estarán abertos ao público os stands dos colectivos colaboradores e a exposición fotográfica sobre Luísa Villalta

BOLETÍN INSCRIPCIÓN [BARBANTIA®]

A. C. BARBANTIA®

